



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen-se o **Sábado día 6 de Febreiro de 2021** vía telemática para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente.
2. Proxecto de Actividades.
3. Póliza Seguro.
4. Canon da FGPeC.
5. Nomeamento Representantes Deputacións Provinciais.
6. Calendario 2021.
7. Curso xuíces.
8. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 17:00 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Informe do Presidente.

O Presidente informa sobre o estado actual das contas da FGPeC.

2.- Proxecto de Actividades.

O Presidente informa do proxecto Escolas de Pesca e somete á valoración da Directiva o proxecto que se lle solicitou a D. David Arcay

O Presidente aclara que este proxecto estaría suxeito a tres pasos:

- Aprobación en Xunta Directiva.
- Aprobación en Asamblea Xeral.
- Aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte ao comprometer un gasto plurianual.

Non habendo obxeccións por parte da Xunta Directiva, queda pendente de ser levada a debate en Asamblea Xeral Ordinaria.

3.- Póliza Seguro.

O Presidente informa dun aumento na cobertura da Póliza do Seguro para tódolos afiliados á FGPeC en concepto de gastos dentais, pasando así de 300€ a 3.000€ en caso de accidente.

4.- Canon da FGPeC.

Trala proposta de redución do canon anual para o vindeiro 2021 do 50% aos clubs que no 2020 pagaron o canon anual de 200€, aprobada por unanimidade en Asamblea Xeral o pasado 5 de decembro de 2020, o Presidente propón que para os clubs de recente creación no 2020, e sen que sirva de precedente, tamén se lles cobre o 50% do importe do Canon Anual.

Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade e pendente de ser levada a debate en Asamblea Xeral.

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Manuel Rodríguez Meira

Pte. Comité Xuíces

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario



5.- Nomeamento Representantes Deputacións Provinciais.

O Presidente propón aos representantes legais que actúen en nome e representación da FGPeC perante as Deputacións Provinciais Galegas:

- A Coruña: Manuel Mouzo Méndez
- Lugo: Manuel Rodríguez Meira
- Ourense: Gabriel Fernández Vázquez
- Pontevedra: Juan Manuel Castro Fuentes

Non habendo obxeccións, queda pendente de ser levada a Asamblea Xeral Ordinaria para a súa aprobación.

6.- Calendario 2021.

En pos de tentar garantir a celebración do Open Spinning Mar Costa, o Presidente propón modificar a data para o vindeiro 14 de marzo de 2021.

Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

7.- Curso de Xuíces.

Debido as restriccións actuais, a realización do curso de xuíces queda pendente de confirmación sobre se será presencial ou telemático, ata o vindeiro 17 de Febreiro de 2020.

8.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 18:20h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente